



ANEXO 1 – CONFORMIDADE COAS BASES DE PARTICIPACIÓN CREAGAIÁS 7X7 - 2019

Polo presente documento eu con DNI
..... e endereço en
.....

Manifesto a miña conformidade coas bases de participación do certame fotográfico CREAGAIÁS 7x7 na súa edición de 2019 e o meu desexo de participar no concurso no que me preinscribín retratando ao CEM e aos seus coworkers, actividades, instalación e servizos.

Así mesmo, e de forma específica, cedo á Organización (Correveydile e Fundación Cidade da Cultura de Galicia) os dereitos de comunicación pública e reprodución das imaxes e tamén dos textos que as acompañen, renunciando a calquera remuneración en favor da visibilidade do meu traballo. A Organización, os/as autores/as das imaxes e as persoas emprendedoras, empresas e proxectos retratados, poderán empregar as fotografías, gañadoras ou non, en redes sociais, web e publicacións gratuítas, proxectos de promoción cultural tales como reprodución, impresión, publicación, proxección, exposición e outra difusión que consideren pertinente, así como noutras actividades e accións informativas, divulgativas e/ou promocionais relacionadas coas empresas, emprendedores e proxectos participantes, coa iniciativa CREAGAIÁS e co propio CEM e a Cidade da Cultura de Galicia, coa condición de facer constar a autoría destas, o concurso para o que foron creadas, así como a calidade de gañadora no caso das fotografías pertencentes ao diario visual galardoado.

Este uso se poderá estender durante un prazo de dous anos a contar dende o xoves 11 de abril de 2019 (a excepción das fotografías publicadas en web e redes sociais que non terán que eliminarse pasado este tempo). A cesión de ditos dereitos permitirá á Organización transformar as obras tecnicamente na medida en que isto sexa necesario, como tamén reproducilas nos soportes físicos que se estime convenientes.

E para que esta autorización conste aos efectos oportunos asino o presente documento en..... a día de de 2019.

Asina (nome completo e dni)

Imaxe pertencente ao traballo fotográfico gañador da 1ª edición de CREAGAIÁS 7X7. Fotógrafo galardoado: Gery Âlx Pérez. Título da fotografía: 'Conexións Obxectivas'. Empresa fotografada: PARIPEPOP. Persoas retratadas: Isabel Pernas Rey, Yago García Rodríguez e Marcos García Rodríguez.